

Ese cabaleiro descoñecido

Celia Castro

1-Introdución:

O presente artigo é unha disertación, un estudo sobre un pequeno retrato de busto feito a lápis sobre papel que se atopa entre os fondos do *Museo de Belas Artes de A Coruña*, e que está asinado polo pintor asturiano Dionisio Fierros, un dos mellores discípulos de Federico de Madrazo.

Asturiano por nacemento, estudou en Madrid, na Escola de Belas Artes de San Fernando, e no taller dos Madrazo, do pai, Xosé, e do fillo, Federico.

Achegouse con eles a os ambientes intelectuais e artísticos mais avanzados da capital relacionándose con figuras senlleiras da política e a vida cultural. Grazas aos seus pinceis e aos doutros compañeiros seus coñecemos moitos dos rostros de estes personaxes, sendo isto de inapreciable valor á hora de recompoñer pasaxes da nosa historia.

Mais tarde, os seus cadros de xénero poñerán as bases da escola de pintura costumista galega, sendo el o seu primeiro representante.

Ata a súa morte pintou incansablemente, cultivando todos os xéneros: Costumismo, bodegón, paisaxe, mariña, historia, etc, e sendo un consumado e reputado retratista.

O seu estilo elegante e realista ao mesmo tempo, á súa penetración psicolóxica que revela o carácter do retratado fixo que o ter un retrato de Fierros fose no século XIX sinónimo de bo gusto e categoría social.

2-Dionisio Fierros. Breves apuntes biográficos

Naceu en Ballota (Cudillero) o 5 de maio de 1827, nunha familia de campesiños acomodados; os seus pais, Nicolás Fernández Fierros e María Álvarez del Valle eran do mesmo lugar.

O 15 de maio de 1841, con 14 anos recentemente cumpridos parte cara a Madrid para aprender o oficio de sastre no taller dun tío seu. Non gustándolle este ofi-

cio —e por mediación deste— consegue entrar como aprendiz de mordomo en casa dos marqueses de San Adrián, cos que chegará a entablar unha relación moi especial, en concreto co marqués de Castelforte, primogénito da familia. Coñecedores os marqueses da aptitude do mozo para o debuxo decidiron levalo ao estudo de José de Madrazo, reputado pintor de cámara do rei Carlos IV, Director do Museo do Prado e Director da Real Academia de San Fernando, para que se formase.

De 1841 a 1844, Dionisio realiza a aprendizaxe de debuxo e pintura neste taller, para pasar a continuación ao estudo do fillo do pintor, Federico de Madrazo, que estudara en París no taller de Ingres, e en Roma. Non se sabe con exactitude o tempo que permanece con el pero si que toma clases de pintura ata 1855 e que a súa influencia foi decisiva.

En xullo de 1855, marchou a Santiago de Compostela, onde permaneceu durante tres anos nos que fixo varios retratos e seis cadros de costumes. Os primeiros presentounos na Exposición de Madrid de 1860, gañando varias medallas.

Malia que non deixa de facer retratos, segue o seu interese polo cadro de costumes. De 1862 a 1864 viaxa por terras salmantinas pintando paisaxes e cadros de xénero que encadraríamos no pintoresquismo ou tipismo, tan de moda na época.

Obtén con eles varias medallas e diplomas.

Dende 1866 a 1871 son poucas as noticias que del se teñen. Crese que alterna a súa estancia en Madrid con viaxes á súa terra natal e quizais fóra de España. Na Corte, pinta cadros de personaxes da vida madrileña e varios retratos da familia real.

A finais de 1872 comeza a súa segunda estancia en Galicia, que durará ata 1874. Vai ser decisiva na súa pintura e na súa vida. Instálase en Santiago, onde retratará a diversos personaxes da nobreza, clero e alta burguesía. Fai frecuentes viaxes á súa terra natal, con estancias en Ribadeo onde realiza varios encargos e namórase de Antonia Carrera, unha moza de vinte e un anos, filla do dono da pousada onde se aloxaba. O 24 de novembro de 1873, a parella contrae matrimonio na devandita vila e logo da voda trasládanse á Coruña, onde permanecerán ata finais de 1876.

En 1877 instálanse en Madrid para cumprir cos numerosos encargos. Alí nacen os seus tres primeiros fillos, que non superarán os dous anos.

A finais de 1878 trasládanse a Oviedo, onde residirán ata a súa morte, alí nacerán catro fillos máis, dos cales só sobrevivirán tres. O pintor realizará numerosas viaxes, a Madrid por motivos de traballo, ao estranxeiro, concretamente a Italia e Centroeuropa, sen contar coas tempadas de vacacións en Ribadeo, Ballota e Luarca. É a súa época máis fructífera, faranlle numerosos encargos, para institucións públicas e particulares, neles fará gala dunha pincelada máis solta e lumínica.

En 1894 morre en Madrid de forma repentina.

3-Ese cabaleiro descoñecido

O pequeno debuxo a lápis do Museo de Belas Artes, e etiquetado como de Dionisio Fernández Álvarez Fierros, e asinado Dionisio Fierros representa a un cabaleiro descoñecido, (leva como título *Retrato*) e mide 17,7x11,9cm. Ten o nº 110 do Inventario, e figura como depósito da Xunta de Galicia.

A pesar do seu pequeno tamaño, e de que é un debuxo a lápis, non desmerece do resto da obra de Fierros. A impronta realista do artista asturiano, esa perspicacia e agudeza que mostra na captación dos caracteres, poñendo de relevo a personalidade do retratado, e transmitindo a vida do modelo, ponse tamén de manifesto nesta obra.

O realismo dos rasgos do cabaleiro, o individualismo na expresión, o detallismo do rostro, moi acabado e matizado, fai pensar que se trata dun retrato de unha persoa coñecida e familiar para o pintor.

O peiteado con dúas ondas aos lados da cabeza, á moda da metade do século XIX, delimita un rostro alongado, cun queixo saínte e rotundo, as cellas, ben perfiladas e longas, acollen unos ollos de expresión riseira e soñadora, entre unhas pálpebras lixeiramente avultadas.

Cecáis o mais característico sexa o nariz, longo, afiado, e lixeiramente curvo, que fai que a cara pareza aínda mais longa. A continuación, un bigote curvo, á moda da época, esconde parcialmente uns beizos ben debuxados que esbozan un leve sorriso.

Viste á moda romántica: camisa de pescozo rígido, gravata de lazo, e capa dobrada sobre o ombreiro. Esta última está feita sen demasiado detalle, como si o artista non tivese demasiado interese en rematala. Parece tratarse de un debuxo informal. O conxunto é elegante e harmonioso. O cabaleiro parece un “dandy” da época.

A pesar de que non está datado, hai varias razóns que me fan pensar que podería ser feito entre 1845 e 1850, anos



Lám. 1. *Retrato de cabaleiro descoñecido.*
Dionisio Fierros. Lápis sobre papel.
17,7x11,9 cm. Museo de Belas Artes,
A Coruña.
Fotografía cedida por dita entidade.

en que o artista estaba ligado ao taller dos Madrazo, e formaba parte da vida cultural e artística madrileña.

A comparanza con outra imaxes da época, e os datos que fun reunindo fanme pensar que pode tratarse do músico e compositor de orixe vasco, Sebastián Iradier e Salaverri.

4-Sebastián Iradier. Breves apuntes biográficos

Sebastián Iradier e Salaverri (tamén coñecido como Sebastian Yradier) nacéu en Lanciego (Álava) o 20 de xaneiro de 1809.

Poucos son os datos biográficos que se coñecen del:

Estudou piano e órgano en Vitoria, e aos 9 anos, en 1818, figura como tiple do coro da Colexiata de Santa María.

Con dezaséis anos, entre abril de 1825 e xuño de 1827 obtivo a praza de organista da igrexa de San Miguel Arcanxo, de Vitoria, posto que ocupou durante dous anos.

En 1827, oposita e gaña a praza de organista e sacristán maior para a igrexa de San Xoán Bautista de Salvatierra, sendo nomeado titular da mesma o 5 de xuño dese ano.

Alcanzou gran éxito entre o público feminino, polo seu atractivo físico e o seu carácter xovial e alegre. Todo isto, ademáis das súas ideais liberais —das que presumía— deulle fama de mullereiro e caveira.

En 1829 casa con Brígida de Iturburu, en Salvatierra, coa que terá un fillo, Pablo.

Neste tempo vai adquirindo fama como músico e compositor, non só sacro, se non tamén profano: cancións populares, ritmos populares e desenfadados, boleros, etc, que interpreta acompañándose da guitarra ou do órgano.

Segundo unha biografía escrita por Pío Baroja os seus devaneos amorosos, provocaron a súa fuxida de Salvatierra, pois un marido entrado en anos, a cuxa muller, coqueta e moza, facía a corte, preparaba o seu prendemento e envió ao batallón realista de Álava, “para meterlo en cintura o pegarle cuatro tiros”¹.



*Lám. 2. Sebastián Iradier y Salaverri.
Litografía. Anónima. Ca 1849.
Dominio público.*

¹ Pío Baroja. *Tríptico*. "La sonrisa de Iradier". Pag 240. Ed Sudamericana. Buenos Aires. 1950.

Oficialmente, a súa marcha a Madrid, en 1833, foi dada por unha licenza por estudos —para mellorar os seus coñecementos de composición— durante catro meses. E iso foi o que lle escribiu dende Vitoria ao párroco de Salvatierra, pero esa estanza íase a prolongar varios anos, de 1839 a 1850, aínda que voltase a Salvatierra en 1840 a reclamar o seu soldo de organista, posto ao que renunciará mais tarde.

A súa estada en Madrid foi moi fructífera, sendo nomeado primeiro mestre de solfeo para canto no Real Conservatorio de Madrid, ademais vicedirector da Academia Filarmónica Matritense, socio de mérito do Liceo Artístico, Catedrático de Armonía e Composición no Instituto Español, profesor do Colexio Universal de Madrid e socio de honra da Academia Filarmónica de Bayona.

Relacionado cos círculos más cultos e aristocráticos da capital, tivo contacto entre outros con literatos como Tomás Rodríguez Rubí, Agustín Azcona, Ramón de la Cruz, José Zorrilla, Espronceda, José Gutiérrez de Alba, Campoamor, e músicos como Carnicer, Espín, e Fuertes. Foi moi solicitado como profesor de canto, ensinando entre outros, ás fillas de D^a Manuela Kirpatrick, condesa de Montijo, Francisca e Eugenia esta última casaría máis tarde con Napoleón III, sendo emperatriz de Francia.

Ao mesmo tempo adquire gran sona como compositor, de cancións, baladas, diverso tipo de pezas, compoñendo incluso música para os bailes de máscaras, tan populares entre a aristocracia madrileña.

En 1840 publicou en Madrid o *Album Filarmónico*, con 12 melodías para canto e piano, algunhas bailables, composicións románticas. A edición foi ilustrada por Pérez Villamil, e as letras feitas por Peral, Príncipe, Gutiérrez de Satores e Campoamor.


El mesmo fundou a súa propia imprenta e litografía en Madrid, na rúa del Príncipe, que lle permitiría editar as súas propias obras, e que era á vez almacén de música e establecemento de venta de pianos.

Son frecuentes as referencias a el na prensa contemporánea:

“El distinguido joven compositor y maestro de música D. Sebastián Iradier publicará muy en breve las dos lindísimas canciones nuevas que ha compuesto últimamente con el título de *Las ventas de Cárdenas* una, y *Los baños de Carratraca* otra, cuya letra es del aplaudido poeta dramático D. Tomás Rodríguez Rubí”².

“Hoy tendrá lugar en los jardines del palacio de Villa-hermosa, el segundo baile de máscaras. Las composiciones de D. Sebastián Iradier agradaron

² El Español: Diario de las doctrinas y los intereses sociales. Época 2^a. nº 667. 30 Agosto 1846. Pag 3.



tanto en el primer baile, que sabemos que por tener el placer de oírlas nuevamente, piensan concurrir esta noche al baile infinidad de personas”³.

“El domingo tuvo lugar un bonito concierto en casa de D.Mariano Carsi, y en el que tomaron parte, a más de la señora de la casa, las señoras de Barrio (Dña Tomasa y dña Patrocinio; La señorita Corina di Franco y los señores Iradier y Aquilea. Todos se distinguieron a cual más, y los concurrentes se retiraron muy complacidos de la agradable noche que habían pasado. A más de varias arias y dúos de las mejores óperas modernas, se cantaron también otras composiciones de D. Sebastián Iradier, algunas por el autor, que, como siempre, agradaron en extremo”⁴.

Ademais as súas actividades extendíanse a outros lugares, así como os seus concertos e colaboracións. As novas dos seus desplazamentos ata 1850, témolos sobre todo dentro da península. Como esta, apuntada en *La Época* en 1846⁵:

“Se halla en Cádiz el maestro Iradier”.

Da súa vida persoal na capital de España, coñécese pouco, suponse que a súa vida sentimental continuaría sendo axitada, pois era notorio o seu éxito entre as damas. Xa viúvo, en 1840-1850 casou de novo cunha madrileña chamada Josefa Arnago, coa que tería á súa filla Matilde, que sería máis tarde unha coñecida intérprete de zarzuela e ópera.

En 1850 viaxa a París, onde é moi ben acollido, introducándose nos ambientes intelectuais e artísticos. As bailarinas Lola Montes e La Cerrito, a actriz Carlota Grisi entre outras, solicítanlle composicións musicais. Pero será na corte napoleónica do Segundo Imperio, onde, gracias á súa relación coa emperatriz Eugenia, coñecerá a personalidades definitivas para á súa carreira.

Aconsellado polos seus amigos, cambiaría o seu apelido, Iradier, por Yriadier.

Amigo así mesmo de Próspero Merimée, coñecerá ao empresario Luis Viardot e á súa muller, a cantante e compositora Pauline García Viardot, ao compositor Rossini, á contralto Marieta Alboni, etc.

En 1853 volve a Madrid para a estrea da súa loa *La Perla del Genil*, dedicada a Eugenia de Montijo, recente emperatriz de Francia, polo seu casamento con Napoleón III.

Da súa relación coa emperatriz Eugenia, faise tamén eco a prensa da época:

“El maestro compositor de música D. Sebastián Iradier ha tenido la honra de ser recibido en audiencia particular por la emperatriz Eugenia y por el

³ El Español. Diario de las doctrinas y los intereses sociales. Época 2ª. nº 5. 17-22 Febrero 1846.

⁴ *El Español: Diario de la capital*. 13 de Mayo de 1846.

⁵ *El Español*. 2º Época. nº 355. 16 de agosto de 1845. Pag 1.

emperador de los franceses, que le hicieron una acogida sumamente benévola. La antigua condesa de Teba en particular, que ha sido discípula del señor Iradier manifestó el mayor empeño de que le oyese cantar su augusto esposo las canciones nacionales en que tanto descuella el aplaudido compositor, y, con efecto, al oír dos o tres rebosando sal, originales, del mismo señor Iradier, no pudo menos Luis Napoleón de dirigirle los elogios más lisonjeros. Al día siguiente remitió la emperatriz a su maestro de música un magnífico alfiler de brillantes, como una muestra de lo grato que le había sido a ella y a su augusto esposo escuchar los aires nacionales de España interpretados con el donaire que caracteriza al señor Iradier, haciéndolo una especialidad en este género”⁶.

En 1857 inicia unha xira coa célebre contralto Marieta Alboni por Estados Unidos, México e Cuba, visitando entre outras cidades, Nueva York, Boston, Filadelfia, Nueva Orleans, México e La Habana. Será nesta última cidade, onde se cre que compuxo, a súa célebre habanera *La Paloma*, que segundo os expertos, sería a iniciadora deste xénero musical.

En 1859 rexistra en Madrid esta composición ao su nome.

Aínda que se coñecen poucos datos da vida do compositor, sábese que viaxaba dun lado a outro con moita frecuencia, a prensa recolle algún destes desprazamentos:

“Ha llegado a Madrid el distinguido profesor de música de la emperatriz Eugenia, don Sebastián Iradier, cuyo talento y bién sentada reputación son reconocidos por toda Europa”⁷.

“El distinguido maestro compositor D. Sebastián Iradier, salió ayer para las provincias Vascongadas, desde donde marchará probablemente á París el mes próximo”⁸.

Os últimos anos da súa vida son os máis escuros.

Seguindo a Venancio del Val, o seu biógrafo máis riguroso, levaría unha vida errante, e viaxaría moito⁹.

Continuou coa súa actividade como profesor, compoñendo así mesmo varios álbumes de cancións de gran éxito. En Francia, a casa Heugel editou cara a 1863, varias cancións de Iradier, entre elas “El arreglito” nun álbum titulado “Fleurs d’Espagne”.


Doce anos mais tarde, Bizet incorporaría esta canción á súa ópera *Carmen* copiando a melodía de Iradier, e pasando á historia da música como a soada *Haba-*

⁶ *Diario de Córdoba, de comercio, industria, administración, noticias y avisos*. Año Quinto. Nº 1072. 2 de mayo de 1854. Pag 2.

⁷ *Diario de Palma*. nº 1. 20-9-1857. Pag 2.

⁸ *La Correspondencia Autógrafo: diario universal de noticias*. 3 de agosto de 1859. Pag 3.

⁹ Venancio del Val. *Sebastián Iradier*. Diputación Foral de Álava. Álava. 1995. Pag 67.



nera desta obra. Dita *Habanera* foi estreada en París pola contralto francesa Zélia Trebelli, no Teatro Imperial Italiano, con gran éxito, “teniendo que repetirla tres veces el día de su estreno”¹⁰.

Con respecto a este feito, hai varias versións. Unha dice que Bizet incluíu esta canción na súa obra, pensando que era un aire popular, ignorando a autoría de Iradier.

Outra dice que foi o mesmo maestro Iradier o que lle cedéu a canción para incluírla na ópera, a instancias de Eugenia de Montijo. Esta opinión parece pouco factible, pois *Carmen* estreouse en 1875, dez anos despois da súa morte.

Todo os biógrafos do mestre de Lanciego apuntan a súa xenerosidade e desinterese pola fama e as honras, o que potenciaría que na posteridade non se recoñecerá o seu traballo como debería.

En 1864, aos 55 anos, e coa saúde moi mermada —entre outras cousas por unha seria doenza da vista— regresa á súa terra, establecéndose en Vitoria, onde fallecería o 6 de decembro de 1865.

5-Análise comparativa

Tras esta breve biografía de Sebastián Iradier, tentarei facer unha análise comparativa entre a litografía tan coñecida e reproducida de Sebastián Iradier e o debuxo de *Retrato*, ou *Cabaleiro descoñecido* do Museo de Belas Artes da Coruña.

A lámina 3 reproduce unha litografía moi difundida do músico, a única imaxe que se coñece dos seus anos mozos (hai tamén unha fotografía posterior, feita cara a 1864, na que presenta unha aparencia completamente distinta), segundo Pío Baroja, tería ao redor de corenta anos.

Baroja, en *La sonrisa de Iradier*, dá a seguinte descrición do músico, (para estudar a súa personalidade baseouse nos datos que lle proporcionou o seu sobriño-neto, o militar D. Teodoro de Iradier)¹¹:

“Sebastián de Iradier – por su tipo —hay una litografía suya de cuando tenía cuarenta años— era un hombre elegante, esbelto, de cara larga, nariz bien perfilada, ojos sonrientes, bigote y melena bien cuidados. Parece un compañero de Espronceda o de Zorrilla.

En el retrato viste de frac, lleva en la solapa la cruz de Isabel la Católica y una corbata de muchas vueltas.

Por su tipo, por su vida y por algunas anécdotas suyas que conozco se ve que era un hombre alegre, imprevisor, que daba poca importancia a sus obras y que había conseguido llevar una existencia fácil y alegre”.

¹⁰ Venancio del Val. *Idem. Ibidem*. Pág 74.

¹¹ Pío Baroja. *Tríptico*. “La sonrisa de Iradier”. Pag 235. Ed Sudamericana. Buenos Aires. 1950.



Lám. 3. Sebastián Iradier y Salaverri.
Litografía. Anónima. Ca 1849.
Dominio público.



Lám. 4. Retrato de cabaleiro descoñecido.
Dionisio Fierros. Lápis sobre papel.
17,7x11,9 cm. Museo de Belas Artes,
A Coruña.
Fotografía cedida por dita entidade.

O debuxo da lámina 4, *Retrato de cabaleiro descoñecido*, foi posiblemente feito uns anos antes, (porque representa a un personaxe visiblemente máis novo), quizais entre 1845 e 1850, momento no que Dionisio Fierros era aínda alumno da Escola de Belas Artes, e do taller dos Madrazo, pola súa relación con estes últimos podemos supoñer que estaba en contacto cos ambientes artísticos e culturais de Madrid. Os teatros, os espectáculos musicáis e circenses da época, eran frecuentados por todas as clases sociais, preferentemente polos artistas e aristócratas, que admiraban e seguían aos actores e a os músicos, con auténtica devoción.

A semellanza entre os personaxes da lámina 3 e a lámina 4, para mín, non só é física:

Mesmo peiteado, cellas, ollos lixeiramente avultados, nariz fino e longo, lixeiramente aquilino, beizos ben debuxados, queixo marcado e alongado. Incluso o bigote, similar, aínda que no debuxo de Fierros, o suxeito non leva perilla.

Para mín a semellanza vai moito máis alá: O porte elegante e erguido, e sobre todo a mirada, escrutadora e cun punto irónico, que lle da un aire de “bon vivant”, moi de acordo coa apreciación de Baroja¹²:

¹² Pío Baroja. *Tríptico*. “La sonrisa de Iradier”. Pag 268. Ed Sudamericana. Buenos Aires. 1950.

“Para Iradier, la posteridad no contaba. Era de los que seguían el precepto de Horacio:

“Carpe diem quam mínimum crédula postero”, que alguno ha traducido, amplificándolo un poco: Coge la flor del día sin cuidar demasiado de la de mañana.”

Seguramente nuestro alavés no dió nunca importancia a sus canciones ni las tomó en serio. Era un tipo despreocupado y voluble. Si hubiera trabajado en su arte con más perseverancia, hubiese sido un músico notable. Todo lo que hizo tiene siempre un aire de distinción y de finura”.

O protagonista do debuxo de Fierros, ten tamén un aire fino e distinguido, de “dandy”, e unha pulcritude na súa vestimenta —o lazo da gravata, a colocación da capa— que lembra moito ao atildamiento atribuído a Iradier.

Conclusión

Despois desta breve análise artística, xogando coa posibilidade de que o retrato poda ser Sebastián Iradier, queda sempre a satisfacción do achegamento unha vez máis á obra de Dionisio Fierros, e ter a certeza de que coñecía bastante ben ao seu modelo, pola captación da expresión e a veracidade do tratamento.

Ese realismo que reflectirán as súas obras desde a súa época de estudante, e que será unha constante durante toda a súa vida, aparte da boa valoración artística, (nunha época en que se buscaba constantemente a fidelidade ao modelo e a maior captación do natural) é unha magnífica axuda para recompoñer o panorama social e cultural do século XIX, pois a través do seu pincel desfilan diante dos nosos ollos unha serie de personaxes importantes da sociedade e a política, non só de España, si non tamén de outros países europeos, pois Fierros era un incansable viaxeiro.

De ser en efecto o debuxo, un retrato de Iradier, sería a imaxe mais antiga que se tería del, o que engadiría tamén un dato máis á biografía, un tanto escura e imprecisa, deste gran compositor.

Bibliografía:

BAROJA, PÍO. *Tríptico*: “La sonrisa de Iradier”. Buenos Aires. Ed. Sudamericana. 1950.

DEL VAL, VENANCIO. *Sebastián Iradier*. Álava. Diputación Foral de Álava. 1995.

Periódicos y revistas:

Diario de Córdoba, de comercio, industria, administración, noticias y avisos. Año Quinto. Nº 1072 - Córdoba. 2 de mayo de 1854. *Diario de Palma*, nº 1 - Palma de Mallorca. 20-9-1857.

Diario de Palma, nº 1- Palma de Mallorca. 20-9-1857.

El Español: Diario de las doctrinas y los intereses sociales. Época 2ª. Nº 667.
Madrid. 30 Agosto 1846.

- Época 2ª. Nº 517-22. Madrid. Febrero 1846.

- Madrid. 13 de Mayo de 1846.

- 2º Época. nº 355. Madrid. 16 de agosto de 1845.

La Correspondencia Autógrafo: diario universal de noticias. Madrid. 3 de agosto de 1859.

Webgrafía:

ianasagasti.blogs.com. Blog de Iñaki Anasagasti “Sebastián Iradier, Ese gran compositor olvidado”. 6/9/2012.

